



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 6	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 13.06.2015	CARACTER: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 12:00 HORAS	

ASISTENTES:

D. ANTONIO LOMBA BAZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	CCD

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Situados os Concelleiros electos nos asentos asignados, intervén o secretario Acctal da Corporación para saudar ós presentes e informar sobre o obxecto da sesión, a súa orde do día e a normativa aplicable, nos seguintes termos:

“Bos días a todos e todas os presentes neste acto.

Son as 12 horas do día 13 de xuño de 2015 e damos comezo deste xeito a sesión de constitución da corporación municipal de acordo co sinalado no artigo 195.1 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral que dí, e leo textualmente: “As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se houbera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto se constituen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A estrutura deste acto ven marcada polas seguintes fases que coinciden estrictamente coa orde do día da convocatoria:

1. Consituición da Mesa de Idade.
2. Acreditación dos concelleiros electos e comprobación do quorum.
3. Toma de posesión dos concelleiros electos. Constitución da Corporación.
4. Elección de Alcalde/esa
5. Toma de Posesión do cargo de Alcalde ou alcaldesa.
6. Exame do arqueo e do inventario.

Pasamos pon tanto o primeiro punto da Orde do Día”.

PUNTO 1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

O secretario informa que “segundo o artigo 195.2 da Lei Electoral Xeral debe constituirse en primeiro lugar a Mesa de Idade que estará integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade actuando como secretario o que o sexa da corporación. Polo que, vista a acta de proclamación de candidatos electos remitidos a esta Secretaría pola Xunta Electoral, a Mesa de Idade queda constituída polo sr. Rodríguez González, Paulino, como concelleiro de maior idade, a miña dereita, pola Sra. Baz Rodríguez, M^a Elena, como concelleira de menor idade, a miña esquerda, e por este secretario en calidade de secretario acctal da corporación”

Constituída a Mesa de Idade, o Presidente toma a palabra para saudar os presentes e para requirirille ó secretario que continue co desenvolvemento do acto.

PUNTO 2º.- ACREDITACIÓN DOS CONCELEIROS ELECTOS E COMPROBACIÓN DO QUORUM

O secretario informa ós asistentes que todos e cada un dos Concelleiros e concelleiras electos presentes entregaron na Secretaría do Concello as súas credenciais, que lles acreditan como tales, expedidas pola Xunta Electoral de Zona e formularon as preceptivas declaracións de bens e de actividades, que están custodiadas no propio departamento de secretaría; Asimesmo comprobouse que existe quorum ó estar presentes a totalidade do concelleiros electos.

PUNTO 3.- TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELEIROS ELECTOS. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

O secretario informa sobre o procedemento nos seguintes termos: “A efectiva toma de posesión do cargo de concelleiro require o previo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución esixido polo artigo 108-8 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, e prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 (formula que lles foi remitida a cada un dos concelleiros electos xunto coa convocatoria) que di como sigue “xuro ou prometo pola miña conciencia e honra



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Indica que “prestarán o xuramento ou promesa en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade e despois o resto dos concelleiros por orde alfabética previo chamamento”:

Xuramento de Rodríguez González, Paulino: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Baz Rodríguez, Elena: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Acevedo Rolán, Elena: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Alonso Alvarez, Oscar: “xuro pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Alvarez Carrero, Roberto José: “xuro pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento Baz Vicente, Angel Luis: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, gardar e facer gardar a Constitución por imperativo legal, comprometéndome a defender os dereitos xerais do Concello da Guarda e do pobo de Galiza”.

Xuramento de Castro Martínez, José Carlos: “xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Crespo González, Manuel Javier: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Español Otero, Miguel Angel: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Xuramento de Iglesias Ferreira, M^a De Fátima: castelan JURO

Xuramento de Lomba Alonso, Xan Lois: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, gardar e facer gardar a Constitución por imperativo legal, comprometéndome a defender os intereses xerais do Concello da Guarda e do pobo de Galiza”

Xuramento de Lomba Baz, Antonio: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Magallanes Alvarez, M^a Montserrat: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Martinez Vazquez, M^a Mercedes: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira, gardar e facer gardar a Constitución por imperativo legal, comprometéndome a defender os intereses xerais do Concello da Guarda e do pobo galego”

Xuramento de Ortega Martinez, M^a de La Concepción: “xuro pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xuramento de Rodriguez Fariñas, Celso Juan: “Por imperativo legal, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas de concelleiro do Concello da Guarda, con lealdade ó Xefe do Estado e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e seguir aportando o esforzo colectivo para que máis pronto que tarde sexa proclamada a Terceira República”

Xuramento de Vicente Baz, M^a Teresa: “prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

O secretario sinala que “Cumpridos os requisitos legais e prestado o xuramento ou promesa, os Srs. Concelleiros electos toman posesión do seu cargo como Concelleiros do Concello da Guarda, polo que se declara constituída a nova Corporación.

4 - ELECCIÓN DE ALCALDE.

Continua o secretario do seguinte xeito: “Unha vez constituída a corporación procédese á elección da Alcaldía: Cito a normativa aplicable a este punto e resumo ó procedemento de elección. A elección do Alcalde/esa do Concello da Guarda realizarse segundo o previsto nos arts. 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

das corporacións locais, e artigo 11 do Regulamento orgánico do Pleno, e por aplicación deste último, a votación será ordinaria a man alzada."

Segundo os mencionados preceptos poden ser candidatos tódolos concelleiros que encabezen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros será proclamado Alcalde electo; se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que houbera obtido maior número de votos populares.

Os concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, que poden ser candidatos para o cargo de Alcalde/esa, son os seguintes:

- D. Antonio Lomba Baz polo PsdeG-PSOE.
- D^a. M^a Concepción Ortega Martínez polo Partido Popular.
- D. Angel Luis Baz Vicente polo Bloque Nacionalista Galego.
- D. Celso J. Rodríguez Fariñas por CONVERXENCIA GALEGA.
- D^a. M^a de Fatima Iglesias Ferreira por Ciudadanos de Centro Democrático.

Antes de pasar a realizar a votación debo sinalar que os cabeza de lista non son "per se" candidatos á alcaldía senón que deben manifestar neste acto se manteñen ou non a súa candidatura. Por esta razón concédeselle un turno de palabra para que manifesten se manteñen a súa candidatura; turno que poden aproveitar tamén para explicar ó sentido do seu voto se así o desexan.

O Secretario pregunta os cabeza de lista se manteñen a súa candidatura, o que responden afirmativamente todos excepto o Sr. Rodríguez Fariñas:

Concédeselle un turno de palabra para que expliquen o sentido do seu voto:

O sr. Lomba Baz non fai uso do seu turno.

A sra. Ortega Martínez manifesta que pretenda fixar o posicionamento do Partido Popular. Di que van votar ó seu programa e ó seu candidato por coherencia, pero o seu sentido democrático lles dí que debe gobernar a lista máis votada. Aproveita para desmentir que houbera algún pacto da súa formación nin antes das eleccións nin despois. Manifesta que son contrarios ás coalicións se non se gañan as eleccións. Indica que van a traballar na oposición e que hai que saber ler o resultado das eleccións. Remata agradecendo o apoio dos guardeses que lle outorgaron a súa confianza e resumindo as dúas metas do Partido Popular da Guarda: traballar por los guardeses e traballar pola Guarda.

O sr. Baz Vicente maniféstase do seguinte tenor:

"A candidatura do BNG-Asembleas Abertas presentouse a estas eleccións municipais cunha proposta claramente dirixida a levar adiante unha transformación real e profunda deste concello.

Tentamos deixar claro en todo momento, e pensamos que así foi entendido polas veciñas e veciños, que a nosa proposta parte da idea de que o que A Guarda precisa é unha transformación global que permita poñer en valor as súas potencialidades e aproveitar os seus recursos en beneficio do propio pobo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Non é tempo, na nosa opinión, de seguir aplicando as mesmas políticas que teñen levado á Guarda á situación actual de declive e non teñen axudado en absoluto a evitar o esmorecemento da nosa vila.

O concello da Guarda está a sufrir de xeito ben duro as consecuencias da situación económica actual. Consecuencias que están xa a se converter en verdadeiros dramas sociais froito do desemprego, da desaparición do comercio local, da emigración forzosa da nosa mocidade, dunha precarización laboral de tal envergadura que fai que en moitos casos xa nin tendo traballo se poida saír da pobreza....

Ante esta situación que se está a sufrir, dende o BNG-Asembleas Abertas mantemos a convicción de que o que se precisa é un profundo cambio de rumbo. Resulta inasumible pensar que seguir aplicando unha liña política que despois de oito anos segue sen dar os resultados agardados poida ser a solución aos problemas da Guarda.

Despois de ternos reunido co grupo socialista, grupo que entendemos que ten a responsabilidade de formar goberno, e ter escoitado as súas liñas mestras para o goberno da Guarda nos vindeiros catro anos, lamentamos non ter observado nin un só intento por cambiar a liña política que veñen aplicando até o de agora.

Temos que recoñecer que nos sorprende que nas conversas mantidas e nas prioridades que o PSOE puxo sobre a mesa (mesmo por escrito) para tratar de consensuar nesta lexislatura non apareza en ningún momento a promoción de emprego, a mellora dos servizos sociais, un fondo de emerxencia social suficientemente dotado, un plan de apoio ao comercio local que tan duramente está a recibir os golpes da situación económica, a promoción de políticas de igualdade...

Non podemos comprender que estes temas non estean entre os primeiros que calquera grupo con pretensións de formar goberno poña enriba da mesa. De verdade non se consideran estes temas como suficientemente importantes para tratar de consensuar nesta lexislatura?

Tanto se non os considera de importancia suficiente como se entende que non precisan que se traten de consensuar emplazamos a grupo do PSOE a mirar ao seu redor e revisar as súas prioridades. Dende logo para o BNG as necesidades sociais sempre foron, son e serán unha prioridade irrenunciabile e por riba de calquera outra.

Tampouco atopamos unha soa palabra sobre normalización lingüística, promoción da cultura propia, ou posta en valor do noso patrimonio... inda que isto xa nos sorprende menos...

En base a estas consideracións dende o BNG non vemos que se dean os mínimos esixibles para apoiar a investidura do candidato do PSOE como Alcalde da Guarda e optaremos por votar ao noso candidato.

Seguiremos traballando dende esta corporación para tratar de darlle as preocupacións da veciñanza a relevancia que cremos que merece e instamos ao futuro goberno da Guarda a reconsiderar as verdadeiras prioridades do concello. En todo caso garantimos que estes temas que consideramos prioritarios estarán nos plenos da Guarda da man do BNG."

O sr. Rodríguez Fariñas di que van aportar ó seu voto á única candidatura que creceu en votos e representación na Guarda.

A sra. Iglesias Ferreira manifesta textualmente o seguinte:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“Autoridades, sres y sras concejales, vecinos de A Guarda, amigos y amigas:

la voluntad de los ciudadanos de A Guarda, libre y democrática, expresada en las urnas el pasado 24 de mayo, me da la oportunidad de estar hoy aquí, tomando posesión como miembro electo de esta corporación municipal, representando y defendiendo los intereses de los ciudadanos.

En este momento institucional, quiero mostrar mi gratitud hacia todos los guardeses y guardesas. Esta es su voluntad y lo que han decidido y lo hemos asumido y respetado desde el primer momento. A todos les quiero expresar mi reconocimiento y mi lealtad, y ofrecerles mi trabajo e implicación, el cual desarrollaré con responsabilidad y coherencia, como considero he hecho en las últimas 2 legislaturas. también deseo manifestar la máxima consideración a los miembros de la corporación saliente, y en especial, a aquellos que compartimos grupo municipal la pasada legislatura, una legislatura complicada, en la que a nuestro entender se perdieron muchas posibilidades de crecer y prosperar. También deseo manifestar la máxima consideración al hasta ahora alcalde de A Guarda, al que le deseo lo mejor en esta nueva faceta de su vida. Como concejal de esta corporación, quiero dejar constancia del orgullo que eso supone para una ciudadana guardesa, pero hay que decir que nos encontramos con importantes problemas que solventar, aunque existen posibilidades de futuro, si se saben dar los pasos adecuados.

Desde la parte que me toca, haré una oposición constructiva, esperando que este sea un espacio de encuentro, debate y entendimiento, así como de crítica y denuncia, cuando sea necesario.

Y como voz del grupo al que represento, quiero dejar bien claro que defenderé los intereses generales de mi pueblo, por encima de cualquier otro.

Para terminar, felicito a quien desde hoy es alcalde de A Guarda y solicitarle desde aquí, que gobierne para todos los guardeses, para lo que podrá contar con todo mi apoyo y espero y deseo que los que aquí se encuentren dentro de 4 años puedan de verdad expresar su reconocimiento a la corporación saliente, que supo poner a su pueblo donde se merece.

Muchas gracias.”

Rematadas as intervencións, o Secretario indica que se procederá á votación tal e indicou anteriormente, e dicir, a man alzada. Informa tamén que os concelleiros que optan á Alcaldía son:

D. ANTONIO LOMBA BAZ.

D^a. M^a CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ.

D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE.

D^a. MARIA DE FATIMA IGLESIAS FERREIRA.

RESULTADO DA VOTACIÓN:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

D. ANTONIO LOMBA BAZ.....	7 VOTOS
D ^a . M ^a CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ.....	5 VOTOS
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE.....	4 VOTOS
D ^a . MARIA DE FATIMA IGLESIAS FERREIRA.....	1 VOTO

Rematada a votación o secretario informa nos seguintes termos: "En consecuencia, sendo dezeseite o número de Concelleiros da Corporación e nove a maioría absoluta legal, dado que non se alcanza o quorum esixido, de acordo co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, LOREG, é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivo maior número de votos populares no correspondente Municipio, neste caso o PsdeG-PSOE con 2.020 votos, polo que resulta proclamado Alcalde da Guarda D. Antonio Lomba Baz.

PUNTO 5.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE

O secretario informa que "proclamado alcalde electo D. Antonio Lomba Baz, e como requisito previo para a toma de posesión do seu cargo debe prestar xuramento o promesa de acatamento á Constitución nos seguintes termos: "Xuro ou Prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Alcalde do Concello da Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"

O sr. Lomba Baz realiza o xuramento nos seguintes termos: "Prometo pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Alcalde do Concello da Guarda, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"

Remata o Secretario indicando textualmente. "Cumprimentada a promesa de acatamento a Constitución queda vostede posesionado de cargo de Alcalde do Concello da Guarda, polo que, a partir deste momento lle corresponde asumir a Presidencia desta sesión constitutiva; en consecuencia o Presidente desta Mesa de Idade faille entrega do bastón de mando como símbolo das atribucións do cargo.

Toma a palabra o recién elixido Alcalde da Guarda Sr. Lomba Baz quen se manifesta nos seguintes termos:

Estimados veciños, compañeiros e amigos.

Estou agradecido a todas aquelas persoas que me apoiaron e confiaron en min para que chegara ata aquí. Para que hoxe poida tomar posesión como alcalde da Guarda, como alcalde de tódolos veciños e veciñas.

Familia, amigos e compañeiros déronme apoio e forza para afrontar o reto de presentarme como candidato a alcaldía, pero foi a vontade dos veciños da Guarda, expresada nas urnas a que fixo posible acadar o obxectivo. A todos estou agradecido.

Síntome moi satisfeito de ter pertencido ao equipo de goberno encabezado polo Alcalde José Manuel Domínguez Freitas. Foi unha honra para min poder traballar durante as últimas lexislaturas pola Guarda e os seus veciños no seno dun equipo que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

me permitiu adquirir a experiencia e confianza necesarias para afrontar o reto de ser alcalde.

Aproveito para dar a benvida a tódolos concelleiros e concelleiras, sobre todo aos que o sodes por primeira vez. Espero que dentro das nosas discrepancias teñamos altura de miras e na lexislatura que agora comeza poidamos traballar xuntos e conseguir o mellor para a Guarda.

Nestes últimos anos estamos pasando por tempos difíciles, moitas familias teñen problemas pola mala situación económica e laboral e algunhas persoas vense obrigadas a pedir axuda. Dende o concello non escatimaremos medios e esforzos para que, xunto coa inestimable axuda das asociacións de carácter social, poidamos mellorar a situación dos que máis o necesiten e conseguir que ninguén quede excluído. Sabemos que esta non é unha solución definitiva, na maioría dos casos, o que os cidadáns queren e necesitan realmente é ter un traballo que lles permita levar unha vida digna. Hai que ter en conta tamén que a responsabilidade do emprego corresponde, sobre todo, a outras administracións. Esperemos que acerten coas súas políticas e que a económica global mellore, pero mentres tanto, temos que intentar minimizar dende o ámbito local as consecuencias negativas desta situación. A xente moza é a que máis está sufrindo a falta de traballo e oportunidades. É inxusto que moitos se teñan que marchar por que non ven a posibilidade de desenvolver aquí o seu proxecto de vida. Temos que facer fincapé nas políticas de formación e emprego orientadas a xuventude. Debemos crear as condicións adecuadas para ofrecer oportunidades laborais e de emprendemento para a xente máis nova.

Moitas empresas pasan por serias dificultades para manter a súa actividade e outras tiveron que pechar as súas portas. Temos que ser solidarios e apoiar as que desenvolven a súa tarefa na Vila, así axudaremos a mellorar a economía local, a nosa economía. Podemos e debemos facelo tanto dende o ámbito institucional como particular. Dende o Concello propoñeremos e impulsaremos iniciativas de dinamización relacionadas con calquera sector productivo, prestando especial atención ás que teñan como fin o apoio dos máis estratéxicos para A Guarda, a pesca, o comercio, a hostalería e o turismo. Temos que mellorar o noso posicionamento nestes ámbitos, motores fundamentais da nosa actividade económica.

O dito non obsta para demandar doutras administración aquilo que consideramos importante para o noso desenvolvemento e onde o concello non ten competencias. Necesitamos mellorar as comunicacións por estrada, o remate da vía de alta capacidade e unha obra prioritaria para A Guarda para ter un enlace rápido a Vigo. É necesario tamén dispoñer chan industrial, tanto para a demanda local como para posibilitar a implantación de empresas de fora. A Xunta de Galicia debe ser sensible a nosa situación xeográfica, ten que desbloquear o proxecto do polígono empresarial A Guarda-O Rosal. O sector pesqueiro tamén terá o noso apoio nas súas vellas demandas de adaptación da normativa que regula a actividade, para que considere as características e singularidade do porto da Guarda.

Hai outras cuestións que consideramos importantes para a o o noso desenrolo e que temos que sacar adiante, como son, o Plan Xeral, facilitar un bo acceso ao porto de autobuses e transportes pesados e a execución de proxectos de peonalización.

A Guarda é unha Vila con moitas posibilidades: o monte Trega, co seu patrimonio histórico e paisaxístico; o castelo de Santa Cruz, o porto, o esteiro do Miño e o Atlántico, as praias, os museos, a Senda Litoral, as nosas festas e romarías, a pesca e



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

os nosos produtos e gastronomía. Temos todos estes argumentos e máis para seguir sendo un referente turístico. Xa se fixo moito traballo neste sentido. Somos premio EDEN, Destino Europeo de Excelencia. Temos dous BIC, Bens de Interese Cultural, o monte Trega e o castelo de Santa Cruz. A Festa do Monte ten a cualificación de festa de interese turístico e temos bandeiras azuis nas nosas praias. Somos ricos en cultura, patrimonio e medio ambiente. Debemos traballar a tódolos niveis, institucional, asociativo, empresarial e incluso privado para seguir promocionando A Guarda como destino natural, turístico e cultural. As nosas potencialidades son moitas.

A riqueza que nos foi dada pola natureza e a nosa historia é acrecentada polas nosas xentes. Non porque o diga eu. As testemuñas están aí, nas múltiples iniciativas e éxitos de todo tipo nas que de forma colectiva ou individual participades os veciños da Guarda:

As alfombras florais do Santísimo, nas que centos de persoas, sobre todo da primeira e terceira "infancia" estabades a traballar fai unha semana.

As numerosas asociacións culturais, que mostrades o voso arte en decenas de eventos durante todo o ano e que no verán tedes unha actividade frenética. Agora mesmo está preparada a exposición do traxe galego na planta baixa da Casa dos Alonsos e hoxe celebramos tamén a festa de San Antonio.

Os éxitos deportivos tanto a nivel individual como de clubs que estades a conseguir e que, para unha Vila tan pequena como a nosa, non deixan de sorprenden a propios e estraños. Son moitos os luns que felicito a algún alumno por ter acadado algunha medalla ou campionato no fin de semana.

As bandas da festa do Monte, nas que nos xuntamos máis de dúas mil almas para amenizar ao son dos bombos e caixas a nosa celebración máis emblemática.

As actuacións que discretamente están a levar a cabo as numerosas asociacións de carácter social que, nestes momentos tan difíciles, son fundamentais para lograr que moita xente non se atope desamparada.

Estes que nomeei son algúns exemplos do que xuntos somos capaces de facer. Seguro que no tinteiro quedan moitas iniciativas, éxitos e eventos nos que estades a pensar e que veñen a confirmar que os veciños da Guarda podemos presumir da nosa capacidade de organizarnos e asociarnos para conseguir os nosos propósitos. O concello estará sempre aberto a colaborar con todos no deseño de políticas sociais, culturais, educativas, deportivas, de ocio para a xuventude e a terceira idade. Temos un gran capital humano. É unha honra pertencer a este Pobo.

Un alcalde, entre outras cousas, debe procurar facilitar e facer máis cómoda a vida dos seus condidadáns, resolvendo, sempre que sexa posible, os problemas que competen ao concello e demandando, a quen corresponda, a resolución dos problemas que non son da súa xurisdicción. Debe tamén buscar a súa complicidade, apelando a conciencia cívica, para que entre todos poñamos o noso gran de area e conseguir así que o público, o que é dos cidadáns, estea nas mellores condicións posibles. O concello e cousa de todos. Se todos arrimamos o ombro, gobernantes e veciños, podemos conseguir unha vila máis fermosa, na que vivamos máis a gusto e da que nos sintamos, se cabe, aínda máis orgullosos.

En política, sobre todo en política municipal, a capacidade de actuación é limitada. Moitas veces os vosos representantes no concello non temos na nosa man determinadas actuacións, obras ou realizacións. Máis a postura debe estar clara. Os gobernantes municipais debemos estar sempre cos veciños como veciños que somos, e



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

reclamar das administracións superiores o que consideramos lexítimo para o noso concello. Debemos realizar xestións para que as administracións se fagan cargo das actuacións que lles competen e sexan sensibles as nosas necesidades. Non debemos someternos a criterios partidarios, a nosa obriga é a Vila e os que nela viven. Isto afecta tanto aos membros do equipo de goberno como á oposición. O alcalde é o alcalde de todos pero os concelleiros tamén son os concelleiros de todos e deben estar ao lado do Alcalde e do equipo de goberno en cuestións de interese xeral para o noso Pobo.

Veciños e veciñas, dende hoxe estou a vosa disposición para traballar pola Guarda. Instovos a que participedes da vida municipal para que xuntos poidamos construír o mellor futuro posible.

Moitas Gracias.

6º.- EXAME DO ARQUEO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA E DOS INVENTARIOS tanto do Concello como do Padroado Monte Santa Trega.

O señor Alcalde sinala que queda a disposición da nova Corporación os Informes de Secretaría, Intervención e Tesourería así como as certificacións emitidas polas distintas entidades financeiras dos saldos existentes a día 12 de xuño de 2015, tanto do Concello como do Padroado Monte Santa Trega, todo elo en cumprimento dos art. 33.2 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais 3278/1986 de 13 de xuño e 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Remata o Sr. Alcalde recórdandolle ós concelleiros que os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó presidente da corporación e suscrito por todos os seus integrantes no prazo de 5 días hábiles seguintes á constitución da corporación. No mesmo escrito farase constar a designación de voceiro e dos seus suplentes.

E sendo ás doce horas e cincuenta minutos do día da data o señor presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.

O Alcalde

O Secretario

Antonio Lomba Baz

José Carlos Martínez Crespo